

## **Axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial**

### **Convocase:**

1. A participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO; cursos en que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2019/20,, agás en 3º e 5º de EP, en que se permitirá a adquisición e substitución de libros de texto.
2. A convocatoria de axudas para adquirir libros de texto destinados ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial: así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído nas disposicións adicionais primeira e segunda desta orde.
3. A convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en Educación primaria, ESO e Educación especial.

### **Solicitud**

A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/21. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentárase unha solicitude en cada un dos centros. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2019/20.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática «fondolibros» (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Prazo para presentar solicitudes:** Rematará o día **19 de xuño de 2020 incluído**.

Orde do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 (**ED330B**). (DOG nº 96 do 19/5/2020)

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200519/AnuncioG0534-120520-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200519/AnuncioG0534-120520-0003_gl.html)